

Que pasa co noso patrimonio industrial?

A HISTORIOGRAFÍA, CON FRECUENCIA, nomea os períodos que delimita en función dos cambios tecnolóxicos. A súa importancia sobre a vida dos grupos está fóra de toda dúbida. Con todo, as manifestacións derivadas da Revolución Industrial dificilmente acadan o recoñecemento de patrimonio.

A *arqueoloxía industrial* é a disciplina que se ocupa do estudo deste tipo de bens, así como dos procesos de produción, distribución e consumo vinculados á industria en xeral. As condicións sociais, históricas e laborais nas sociedades industrializadas tamén son da súa incumbencia. O modo de produción que sustentou e sustenta a industrialización, o capitalismo, é o seu marco. Porén, se aceptamos unha definición ampla do que denominamos *patrimonio industrial* entrarían dentro desta categoría tamén os restos materiais relacionados coa produción artesanal e manufactureira. No caso galego soen incluírse os muíños e as instalacións para a transformación do peixe (salga e conserva).

A nosa paisaxe, tal e como pon en evidencia Xoán Carmona, dista das vistas inzadas de chemineas da conca do

📍 Fábrica Massó, Cangas / Panificadora, Vigo.

A defensa do patrimonio industrial deu lugar en moitas ocasións á creación de plataformas cidadás. É o caso dos movementos en pro da factoría Massó en Cangas e da Panificadora en Vigo, entre moitos outros.

Fotos: Cándido Martínez / Buxa





Ruhr ou de Lancashire, onde se deron os primeiros movementos en defensa do patrimonio industrial, pero conta con numerosas instalacións que no seu día concentraron o traballo dunha importante parte da poboación e coa memoria da emigración proletarizada.

A pesca e a construción naval foron os sectores que máis pulo imprimiron á industrialización en Galicia. Pero, historicamente, o curtido de peles e a serra de madeira tamén deixaron pegada; esta última, de feito, aínda segue sendo representativa. Os camións de FINSA circulan por todas as estradas galegas. Tamén houbo numerosos establecementos dedicados a outras actividades, como as ferrarías da provincia de Lugo e os muíños papeleiros de Santiago-Noia. E cómpre nomear a industria eléctrica: as primeiras compañías apareceron cara 1880. O posterior monopolio de FENOSA foi resultado dun proceso de fusión e absorción que culminou en 1949, isto é, no marco da política franquista de suficiencia enerxética. Finalmente, xunto a esta rede, quedan os restos de empresas singulares, como o antigo local da fábrica de abonos Cros, na Coruña, ou a fundición de Sargadelos, no lugar que lle deu nome.

Ora ben, por que non calla en Galicia a protección deste tipo de patrimonio? En áreas próximas hai exemplos de musealización e reutilización do patrimonio industrial. As galerías e as instalacións de varias minas son visitables en Asturias. Na súa posta en

valor traballouse coa poboación local e cos antigos traballadores. No País Vasco, en Cataluña e Portugal hai tamén casos. E nas Azores consérvase o patrimonio baleeiro como un elemento identitario de primeira orde. Non é aquí o caso. En Cangas, entre a poboación, aínda queda a memoria da pesca de baleas, do olor que desprendía o seu procesado. Sentimentos épicos e dramáticos mestúranse no relato. Con todo, as instalacións esmorecen: a rampla de inzado, a plataforma de despece, etc.

En primeiro lugar, cómpre sinalar que a defensa deste tipo de bens deu lugar en diferentes ocasións a movementos de carácter cívico, é o caso das agrupacións a favor da factoría Massó e, máis recentemente, da Panificadora de Vigo. En xeral, son plataformas bastante activas que canalizan sentimentos identitarios locais e demandas en contra da especulación urbana, con capacidade de acción e planificación intelectual. En consecuencia, non se pode dicir que exista falta de interese social. Outra cousa é a resposta da Administración e das elites culturais e económicas.

Comezaremos preguntándonos polo papel da Administración. No marco das relacións capitalistas de produción o Estado concibiu a poboación galega como forza de traballo exportable. A proletarianización dos galegos e das galegas produciuse, en gran medida, no exterior e, polo tanto, como fito deslocalizado. Os diferentes gobernos, a través de canles como os Centros Galegos, potenciaron

📍 **Fornos de A Pontenova, Lugo, s.XVIII / Rotonda ferroviaria, anos corenta. Museo Ferroviario de Galicia, Monforte.** O traballo do mar e a construción naval foron os sectores máis puxantes, pero a diversidade é grande. Buxa, a Asociación Galega do Patrimonio Industrial, leva inventariados máis de 500 bens que poden ser consultados na súa web. Fotos: Sabela Pato / Luís Blanco



📍 **Matriz litográfica para a impresión da folla de lata para conservas. Taller La Artística, Vigo, 1940 [ca.], pedra calcaria e tinta. 32,5 x 43 x 6,4 cm. Museo Massó, Bueu.** Esta pedra era o exemplar de reserva. A partir dela facíanse outras máis grandes nas que o debuxo a imprimir se repetía para multiplicar o resultado. A filla dun dos impresores conservouna. Hoxe atópase no Museo Massó, que custodia un importante legado relacionado coa explotación dos recursos do mar. Foto: Alba Vázquez Carpentier



A pedra litográfica do obradoiro «La Artística»


A ETIQUETAXE E EMBALAXE DAS mercadorías converteuse nun asunto de gran transcendencia no marco da produción industrial. O nacemento da impresión litográfica, descuberta a finais do s. XVIII, supuxo un dos fitos máis destacados ao respecto. Fronte aos métodos de impresión anteriores unha das súas características era que permitía combinar de forma moi sintética texto e imaxe. Ademais, de seguida incorporou sistemas de mecanización: enxeños automáticos para cargar as pedras, prensas con motor a vapor, etc. O procedemento non era sinxelo. O primeiro paso era transferir o bosquejo orixinal realizado en papel a unha matriz, xeralmente de pedra caliza, como a que presentamos en NUMAX. Para cada cor realizábase un calco distinto. De feito, na matriz en cuestión, debaixo do reporte da lata de conservas Massó, podemos observar unha anotación que reza «rojo». Se observamos o envase resultante, que tamén se amosa, vemos que os detalles en azul, isto é, o recheo das letras e unha das metades do peixiño, non se diferencian na pedra. A silueta negra que delimita a tinta química só reflicte os elementos vermellos. Polo tanto,

ademais desta matriz, era precisa unha segunda e o proceso requiría repetir todos os pasos para cada cor. Pero o importante é que, unha vez transferido o contorno da correspondente tonalidade a unha pedra, esta procesábase con goma arábiga e unha mestura ácida. A combinación aplicábase sobre a superficie da matriz e reaccionaba convertendo as áreas calizas non protexidas pola tinta en zonas hidrófilas, ou dito doutro xeito, en zonas que repelían a cor que finalmente se aplicaba con rodete sobre a pedra a fin de estampar as pranchas de cartón, papel ou folla-lata. Polo contrario, as áreas protexidas atraían a cor de impresión. A litografía dominou o panorama ata os anos cincuenta do s. XX, momento no que o *offset* e os novos sistemas de impresión derivados da fotografía lle restaron protagonismo. Con todo, a súa difusión é inseparable da expansión da industria gráfica na segunda metade do s. XIX, intre no que creceu a demanda de publicacións periódicas e no que a etiquetaxe dos produtos non só se fixo obrigatoria, senón que se converte nunha fórmula de reclamo. Galicia, xunto con Asturias e País Vasco, foi pioneira no marco estatal: o primeiro

📍 **Lata de conservas Massó. La Artística e Hermanos Massó S.A., Vigo e Cangas, 1940 [ca.]. Folla de lata e pigmentos de cor. 8 x 10 x 12 cm. Museo Massó, Bueu.** Polo xeral, as conserveiras adquirían os envases xa elaborados. Massó confeccionaba nun taller propio as latas a partir das pranchas xa litografadas. A empresa concedíalle grande importancia ao deseño e contou coa colaboración de autores como Federico Ribas e Urbano Lugrís. Foto: Alba Vázquez Carpentier



📍 **Fotogramas da película Talleres Alonarti. Sociedad La Artística Ltda, de José Gil, Vigo, 1928.** Gil foi un dos pioneiros do cine galego. Tiña un gran sentido comercial e filmou para o mundo empresarial e a emigración. Nesta cinta podemos observar o proceso de impresión e construción de conservas no taller *La Artística*. As imaxes fabríis deste tipo contrastan co cadro agrícola e idealizado das filmacións que realizou para as sociedades emigrantes. CGAI



❏ **Sección de limpeza e enlatado da conserveira Massó Hermanos S.A. de Bueu, 1926. Museo Massó, Bueu.** Nos procesos de transformación de alimentos, como a salga e a conserva de peixe, as mulleres eran a forza de traballo predominante. Con todo, a introdución de maquinaria permitiu a súa incorporación noutros sectores. Isto non aconteceu en todas partes. O seu peso, no proceso de industrialización de Galicia foi enorme.

Foto: J. Pacheco

obradoiro estableceuse en 1838 en Compostela. Aínda que, finalmente, o sector se concentrou nas provincias de Pontevedra e A Coruña, pois o seu desenvolvemento correu parello ao da produción conserveira.

La Artística de Vigo, fundada en 1906, formaba parte do denominado sector metalográfico e dedicábase, precisamente, ao litografado e construción de envases para conserveiras. A aparición destas

empresas asociase ao proceso de mecanización que a partir de 1900 substituíu a pericia dos soldadores de lata, que tiñan gran poder de negociación colectiva, por innovacións técnicas. As máquinas (embutidoras, sertidoras, etc.) permitiron substituír a man de obra cualificada por forza de traballo máis barata e menos conflictiva.

As mulleres incorporáronse así masivamente ás liñas de produción do sector. Na década dos anos dez

traballaban en *La Artística* 37 homes e 45 mulleres, na seguinte 100 homes e 272 mulleres. A dinámica non era exclusiva desta rama. Era incluso tradicional noutros ámbitos, como o da transformación de alimentos, un dos máis puxantes. E na Coruña a *Tabacalera* contou sempre con man de obra feminina. A imaxe do obreiro-home non se axusta á realidade galega. Incide tamén este factor na falta de atención que recibe o noso patrimonio industrial?

FÓRA DOS MUSEOS

6 pezas deslocalizadas na Librería NUMAX
Marzo-novembro 2018

Coa colaboración de:
Museo Arqueolóxico
Provincial de Ourense,
Museo das Peregrinacións
e de Santiago,
Museo Massó,
Fundación Barrié,
Museo do Pobo Galego
e Museo de Pontevedra

Comisaria:
Sabela López Pato
Coordinación:
NUMAX /
Sabela López Pato
Deseño de mobiliario:
domohomo

Produción, imaxe
e comunicación:
NUMAX
Construción metálica:
Galanas
Metacrilato e soporte:
Rótulos Visión
Arduma
Electricidade:
Instalaciones Cepa
Pérez Antolín
Seguros:
AON
Rotulación:
Agencia Gráfica

Durante 8 meses a Librería NUMAX amosará, de xeito sucesivo, 6 pezas de diferentes museos e coleccións de Galicia.

FÓRA DOS MUSEOS quiere convidar á reflexión sobre estas institucións, achegarse á súa orixe, indagar nas súas problemáticas e analizar que tipo de obxectos custodian. Persoas expertas do campo museográfico galego presentarán cada peza ao inicio da súa exhibición.

Por que este proxecto?

Porque amamos os obxectos e porque a protección da nosa cultura material depende en gran medida dos museos. Porque os museos deberían formar parte das axendas sociais, culturais e políticas. E porque, como sinalou Jean-Marie Straub, «facer a revolución é tamén poñer no seu sitio cousas moi antigas pero esquecidas».

- 01 13.03-16.04**
Como naceron os museos galegos?
- 02 17.04-21.05**
Onde gardamos a memoria?
- 03 22.05-25.06**
Quen habita en nós?
- 04 26.06-03.09**
Que acontece coa arte do exilio?
- 05 04.09-08.10**
Que facemos coa Virxe?
- 06 09.10-12.11**
E o noso patrimonio industrial?

NUMAX
www.numax.org

Co apoio da
 **Deputación DA CORUÑA**